

MATERIA
Literatura Infantil e Dramatización

unidade
didáctica
3

TITULACIÓN
Grao en Mestre/a de Educación Infantil

A práctica teatral na infancia

Rocío García Pedreira
Marta Neira Rodríguez
Carmen Ferreira Boo

Área de Didáctica da Lingua e da Literatura
Departamento de Didácticas Aplicadas
Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679895>

MATERIA: Literatura Infantil e Dramatización

TITULACIÓN: Grao en Mestre/a de Educación Infantil

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Literatura, infancia e escola

Tema 1. Importancia dos libros e da lectura

Tema 2. Literatura Infantil e educación literaria

Tema 3. Recursos na mediación literaria

Tema 4. Educación en valores a través da Literatura Infantil

Unidade II. Producción literaria para a infancia

Tema 5. Clásicos da literatura de tradición oral e as súas reescrituras

Tema 6. Narrativa infantil e ilustración: o álbum ilustrado

Tema 7. Poesía infantil: do cancionero infantil ao álbum lírico

Unidade III. A práctica teatral na infancia

Tema 8. Teatro infantil e literatura dramática

Tema 9. Programación de sesións de expresión dramática

Unidade IV. O mundo do libro infantil nas aulas

Tema 10. O libro-objecto na aula de infantil

Tema 11. O libro informativo na aula de infantil

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS

COMPETENCIAS

CONTIDOS

1. Teatro infantil e literatura dramática
 - 1.1. O teatro para a infancia: concepto e tipoloxía
 - 1.2. Teatro e educación: a pedagogía teatral
 - 1.3. Formas dramáticas en infantil
2. Programación de sesións de expresión dramática
 - 2.1. A organización das sesións de expresión dramática
 - 2.2. Crear propostas de role play

METODOLOXÍA

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

RECURSOS

- Recursos materiais
- Recursos espaciais
- Recursos dixitais

TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADES

AVALIACIÓN

BIBLIOGRAFÍA/WEBGRAFÍA

ANEXO

PRESENTACIÓN

Esta Unidade Didáctica (UD), «A práctica teatral na infancia», encádrase na materia Literatura Infantil e Dramatización, que forma parte do plan de estudos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil, titulación impartida tanto na Facultade de Formación do Profesorado (Campus de Lugo) como na Facultade de Ciencias da Educación (Campus de Santiago) da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O principal propósito desta materia —tamén incluída na simultaneidade de estudos Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria— é formar o futuro profesorado de educación infantil en contidos referidos á literatura infantil e á formación literaria, para dotalo de ferramentas necesarias coas que afrontar a difícil tarefa da mediación lectora. Neste sentido, o desenvolvemento de Literatura Infantil e Dramatización, materia obrigatoria e de carácter didáctico-disciplinar, non só se ocupa da capacitación teórico-práctica da acción docente neste ámbito, senón de ofrecer espazos de encontro e diálogo arredor da propia tradición literaria.

«A práctica teatral na infancia» constitúe a terceira das catro unidades que conforman a programación completa de Literatura Infantil e Dramatización e está conformada por dous temas:

- Tema 8: Teatro Infantil e literatura dramática.
- Tema 9: Programación de sesións de expresión dramática.

OBXECTIVOS

As guías docentes da materia, dispoñíbeis nas páxinas institucionais das dúas facultades da USC que a imparten, propoñen unha serie de obxectivos xerais, que logo son desenvolto en función de se están relacionados cos coñecementos, procedementos ou actitudes. Estes elementos son presentados a continuación:

Xerais:

- Adquirir formación literaria e coñecemento da Historia da Literatura Infantil, valorando o estudo dos clásicos no contexto da literatura infantil europea, hispánica e galega.
- Obter os coñecementos básicos sobre o proceso de adquisición e aprendizaxe da Literatura Infanto-Xuvenil (LIX), integrando o coñecemento da literatura de tradición oral canto á súa incorporación ao sistema.
- Recoñecer a importancia da Literatura Infantil no desenvolvemento da competencia e da educación literaria, e na formación integral do alumnado, valorando e asumindo a presenza das TIC no seu proceso de ensino/aprendizaxe nas aulas.

Coñecementos:

- Recoñecer a Literatura Infantil como arte verbal, como texto literario de valor, con entidade propia e non como *Trivialliteratur*, recoñecendo a nece-

sidade dunha crítica seria e precisa que, aínda que considere concretos aspectos sociolóxicos, rexeite a súa instrumentalización.

- Acadar o coñecemento dos conceptos fundamentais manexados no campo da didáctica da literatura infantil, da literatura de tradición oral e do teatro e dramatización, así como coñecer e dominar o corpus bibliográfico pertinente.
- Desenvolver e adquirir a competencia literaria necesaria para o estudo e elaboración de materiais didácticos e selección e programación de prácticas creativas susceptíbeis de seren integradas na aula, coa información precisa sobre a fundamental achega das novas tecnoloxías.

Procedementos:

- Asumir o desenvolvemento de experiencias que posibiliten a avaliación e selección de textos, a antoloxización e conformación dun corpus escolar no que se integre o texto interactivo e a contorna multimedia.
- Analizar, avaliar e desenvolver a literaturización e incorporación da literatura de tradición oral no sistema LIX como actividade para os talleres literarios.
- Aplicar técnicas didácticas para a realización das actividades de dramatización, escenificación e posta en escena dun texto dramático a fin de valorar a importancia da interacción no desenvolvemento destas practicas.

Actitudes:

- Recoñecer o texto literario como realización plena da lingua e a importancia da recepción e produción textual para o desenvolvemento da competencia literaria e lingüística no contexto da competencia comunicativa.
- Ser consciente da transcendencia do coñecemento e dominio da Literatura Infantil a fin de valorar a súa incorporación a distintas áreas de coñecemento e concienciarse das singularidades dun contexto educativo plurilingüe para o desenvolvemento da competencia intertextual.
- Percibir a necesidade dunha formación continua que permita afrontar e adaptarse ás esixencias do ensino da Literatura Infantil no ciclo de educación infantil, dado a fundamental achega das novas tecnoloxías e contorno multimedia.

En canto aos obxectivos específicos da unidade elaboráronse os seguintes:

- Coñecer e diferenciar as principais características do xénero teatral, facendo fincapé nas obras dirixidas á infancia e na súa vinculación coa educación.
- Desenvolver coñecementos teóricos que avalen a realización de propostas de interese para a programación das sesións de expresión dramática dende os presupostos da pedagogía teatral.
- Profundar no estudo da evolución do xogo nos distintos grupos de idade que corresponden ao alumnado de infantil e a súa vinculación coa práctica teatral.
- Practicar a creación de textos dramáticos e espectaculares co propósito de ser utilizados na aula de infantil.

COMPETENCIAS

As competencias que debe adquirir o alumnado logo da realización da materia —sinaladas na *Memoria da titulación*— divídense en xerais, básicas e específicas. Dentro do primeiro grupo atópanse as seguintes:

- X.2. Promover e facilitar na primeira infancia as aprendizaxes, dende unha perspectiva globalizadora e integradora das diferentes dimensións cognitiva, emocional, psicomotora e volitiva.
- X.3. Deseñar e regular espazos de aprendizaxe en contextos de diversidade que atendan ás necesidades educativas dos estudantes, á igualdade de xénero, á equidade e os dereitos humanos.
- X.5. Reflexionar en grupo sobre a aceptación de normas e o respecto aos demais. Promover a autonomía e a singularidade de cada estudante como factores de educación das emocións, os sentimentos e os valores na primeira infancia.
- X.11. Reflexionar sobre as prácticas de aula para innovar e mellorar o labor docente. Adquirir hábitos e destrezas para a aprendizaxe autónoma e cooperativa e promovela nos estudantes.

Con respecto ás competencias básicas, estarían recollidas:

- B.2. Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
- B.3. Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- B.4. Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
- B.5. Que os estudantes teñan desenvolvido aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Finalmente, as competencias específicas serían:

- E.45. Coñecer a tradición oral e o folclore.
- E.50. Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
- E.51. Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.

Por outra parte, con respecto ás competencias chave establecidas pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o desenvolvemento da materia vincúlase coas seguintes:

- Competencia en conciencia e expresións culturais (CEC).
- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).

- Competencia para aprender a aprender (CPAA).
- Competencia dixital (CD).
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (SIE).

CONTIDOS

Nesta UD trátanse contidos básicos sobre o xénero teatral e a literatura dramática dirixida á infancia, tanto a nivel teórico como a través da súa práctica educativa, facendo fincapé no seu potencial educativo nas aulas. Estes contidos son os seguintes:

- Tema 8: Teatro infantil e literatura dramática.
- Tema 9: Programación de sesións de expresión dramática.

Cada un deles corresponde a un tema da materia, no cal se afondará nas seguintes epígrafes.

1. Teatro infantil e literatura dramática

1.1. O teatro para a infancia: concepto e tipoloxía

A palabra teatro denomina o edificio ou espazo onde se leva a cabo a posta en escena, mais tamén se refire a un dos tres grandes xéneros literarios. O xénero teatral é notoriamente distinto á narrativa e á poesía, xa que se pode considerar só parcialmente literario. Segundo Sotomayor (2007), está constituído por dous elementos diferenciados: o texto ou guión teatral (literatura dramática) e a representación (espectáculo teatral).

Durante moito tempo, toda a atención residiu no segundo compoñente, xa que se consideraba que a única función do texto dramático era ser representado, cando adquiría a súa verdadeira significación. Porén, na actualidade móstrase un equilibrio entre ambos, especialmente pola atención que se lle está prestando aos beneficios da lectura do texto dramático, tanto en voz alta e en grupo, como de maneira individual e silenciosa (G-Pedreira, 2017). Entre os maiores beneficios da lectura de teatro están o fomento da imaxinación, a partir da posta en escena mental feita na mente do lectorado, e a posibilidade de acceso a un maior número de textos, xa que non todas as obras son representadas, se manteñen no tempo na carteleira ou son sempre accesíbeis.

Os textos do xénero dramático teñen características propias que os diferencian dos demais textos literarios: constrúense a partir dos diálogos directos dos personaxes, omiten a presenza do narrador (externo), presentan anotacións entre parénteses e están divididos en actos e escenas. Ademais, seguindo o recollido por Muñoz (2006), pódese diferenciar entre dous tipos de textos:

- Texto dramático literario, destinado á lectura. As anotacións teatrais adquiren maior detalle e unha composición máis próxima ao texto literario, que facilita a lectura da obra.
- Texto espectacular, destinado á posta en escena. As anotacións teatrais son claras e informativas, xa que o seu único rol é dar indicacións que favorezan a representación. Pode estar destinado ao propio alumnado, quen realizará a representación, ou a adultos que a interpretarán para o público infantil.

O teatro infantil, seguindo a Alfonso Sastre (recollido en Muñoz, 2006), pode ser dividido en tres tipos:

- Teatro da infancia: feito polas propias nenas e nenos.
- Teatro para a infancia: o que as persoas adultas fan para as máis novas.
- Teatro mixto: o máis frecuente na escola, que se fai en equipo entre as persoas adultas, que tenden a cumprir roles de dirección e organización, e a infancia, que colabora na representación, especialmente como actrices e actores.

Por outra parte, o teatro tamén se pode clasificar en función dos recursos que utiliza:

- Teatro con actores e actrices.
- Teatro con monicreques.
- Teatro de máscaras.
- Teatro de sombras.
- Pantomima ou mímica.

1.2. Teatro e educación: a pedagogía teatral

A pedagogía teatral é a disciplina que organiza tanto os medios (técnicos e operativos) como as accións e procedementos de ensinanza e aprendizaxe do teatro na educación. No manual de apoio ao facilitador do taller de teatro, publicado polo Consejo Nacional de la Cultura y las Artes coa colaboración da Organización de los Estados Iberoamericanos (OEI) en 2016, deféndese o potencial do uso do teatro e da expresión dramática como ferramenta educativa, enumerando unha serie de características, entre as que se destacan as seguintes:

- A persoa que participa sitúase no centro da acción pedagóxica.
- O ludismo é a base da metodoloxía.
- A aprendizaxe xorde da experiencia directa, mediante a combinación de pensamento, emoción e acción.
- A proposta pedagóxica nace en atención ás necesidades das etapas de desenvolvemento do xogo das persoas participantes.
- A persoa facilitadora acompaña o proceso creativo, non o impón.
- O teatro crea ambientes de traballo creativo baseado no respecto, a alegría e a liberdade.

O mesmo documento tamén recolle os eixos para traballar o teatro dende a escola e a caracterización do xogo nas distintas franxas de idade, incluídas as que correspon-

den á etapa de infantil. En canto ao primeiro aspecto, recolle tres perspectivas de traballo distintos:

- Eixo de produción: a práctica de xogos e representacións e producións teatrais.
- Eixo de apreciación: a valoración do teatro como expresión artística, lendo teatro ou acudindo como espectador a unha representación.
- Eixo de reflexión crítica: a valoración crítica e debate sobre as obras teatrais.

Por outra parte, a caracterización do xogo en función da idade na etapa de infantil inclúe as seguintes divisións:

- De 0 a 3 anos: etapa caracterizada polo xogo persoal. As primeiras manifestacións expresivas proveñen dunha actitude creativa individual, solitaria e ensimesmada que exclúe a necesidade do público. É importante entender que nesta etapa todo o artístico-expresivo está vinculado ao desenvolvemento da destreza corporal, vocal e/ou emocional.
- De 3 a 5 anos: etapa caracterizada polo xogo proxectado. A nenez comeza a experimentar coa necesidade emocional de comunicarse e compartir cos demais para xogar. Nesta etapa, o desenvolvemento e práctica da expresión dramática permite ir coñecendo e practicando as habilidades necesarias para a vida en sociedade e a relación cos demais. Outra característica relevante desta etapa é que non se establece unha distinción clara entre realidade e fantasía, xa que non hai un cuestionamento sobre isto, só importa a propia acción.
- De 5 a 7 anos: etapa caracterizada polo xogo dirixido. A infancia xa comeza a aceptar a interacción dun terceiro que orienta o sentido do xogo dramático, co fin de desenvolver habilidades e destrezas específicas. Neste momento pódese identificar o comezo da creación artística propiamente dita, xa que a nenez ten a capacidade de percibir, escoitar, comunicar e imitar o que ve ao seu arredor mediante distintas expresións artísticas. Ademais, é importante orientala cara á exploración de sensacións, emocións e sentimentos, así como tamén buscar a forma na que o xogo teatral promova o desenvolvemento da imaxinación e de habilidades de creatividade vocal e corporal.

1.3. Formas dramáticas en infantil

As principais formas dramáticas coas que o persoal docente pode experimentar na aula de infantil, ordenadas de menor a maior grao de dificultade, son as seguintes:

- Xogo simbólico: actividade creativa, imaxinativa e espontánea mediante a cal se rompe coa funcionalidade das cousas adxudicándolle características especiais. González-Villavicencio *et al.* (2022) destacan que a súa práctica é fundamental no desenvolvemento de habilidades de tipo social, cognitivo, afectivo, comunicativo e tamén motriz, podendo expresar a infancia o que na vida real se lle fai imposible mostrar de maneira fluída.

- Xogo de libre expresión: actividade modelo estímulo-resposta (libre e espontánea), a partir de propostas feitas pola persoa que exerza a docencia. Por exemplo, a expresión libre, mediante o movemento do corpo, daquilo que á infancia lle faga sentir, por exemplo, un relato narrado ou distintos xéneros musicais.
- Xogo de expresión: xogo simbólico que se rexe polo principio «como se». Por exemplo: actuar como se estiveses na Lúa.
- Improvisación: técnica de simulación mediante actividades creativas, pouco estruturadas e centradas no proceso, a partir do xogo de expresión ou dramático, que tende a realizarse en grupo. Parte dun tema ou lugar elixido de maneira espontánea.
- Creación colectiva: escrita ou composición grupal de textos dramáticos ou espectaculares.
- Representación de papeis (*role play*): técnica teatral na cal o alumnado recibe unha serie de indicacións, por parte da persoa docente, para evocar e poñer en escena trazos de personalidade e actitudes que deben adoptar para actuar. En síntese, trátase de «xogar a ser outro», «poñerse nos seus zocos/zapatos».
- Teatro: actividade que persegue un produto final ou espectáculo que require de ensaios e roles diferenciados que posibiliten o seu desenvolvemento (dirección, actrices e actores, *atrezzo*, etc.)

2. Programación de sesións de expresión dramática

2.1. A organización das sesións de expresión dramática

Nos cursos da etapa de educación infantil, a organización dunha montaxe teatral completa pode non ser o máis axeitado debido á súa complexidade. Se finalmente se decide facer este tipo de propostas, é moi importante organizar con detemento as fases do proxecto de preparación dunha representación, pensar e adaptar moi ben os textos, tempos, espazos e recursos; facelos sinxelos; buscar a implicación das familias e traballar co ambiente creado dentro do grupo. É fundamental asegurar un clima de confianza e seguridade, e nunca forzar a expoñerse a situacións que poden causar malestar.

En todo caso, co alumnado de educación infantil é aconsellábel non só concibir a utilización do teatro co obxectivo de realizar unha gran representación final, senón que interesa introducir de maneira habitual sesións de expresión dramática que o vaian preparando para outras propostas de maior complexidade en cursos superiores. En función do tipo de actividades programadas, estas sesións poden ser estruturadas do seguinte xeito (Consejo Nacional de la Cultura y las Artes, 2016):

- Inicio:
 - Preliminares: actividades lúdicas, motivadoras, sorprendentes, que tendan a demandar exercicio físico enérxico ou cinético. Buscan concentrar a atención dos participantes, xerando un ambiente de alegría,

comodidade e disposición para dar inicio ás actividades posteriores. Poden utilizarse distintos elementos ou recursos, tamén literarios.

— Desenvolvemento:

- Sensibilización: para activar os sentidos. A intención é que as persoas participantes respondan aos estímulos sensoriais a partir do seu mundo persoal e individualidade. Poden ser utilizadas distintas actividades ou exercicios de relaxación que melloren o ambiente.
- Creatividade corporal: tomar conciencia do noso esquema corporal, analizar o exercicio e as posibilidades do movemento, a adquisición de destrezas expresivas e a relaxación do corpo co espazo, co propio corpo e co dos demais. Non se trata de desenvolver habilidades físicas, senón habilidades expresivas co corpo de maneira creativa e comunicativa.
- Creatividade vocal: técnicas básicas sinxelas mediante as que se pretende tomar conciencia da potencialidade expresiva da nosa voz e valorala como vehículo de expresión e de creación persoal. Ademais, axuda a mellorar os procesos lectores e a comunicación oral.
- Expresión/teatralización: actividades ou xogos dramáticos que sintetizan todas as técnicas e contidos traballados nas anteriores fases e que requiren un maior tempo para a súa realización. A guía da persoa que exerza a docencia perde presenza explícita, a favor dun maior grao de autonomía da acción dos discentes. O seu desenvolvemento dependerá da etapa evolutiva dos participantes.

— Peche:

- Valoración/avaliación: momento de reflexión da práctica de maneira compartida, que pode estar acompañada de distintos instrumentos ou estratexias avaliativas, co obxectivo de identificar propostas de mellora para seguintes sesións. Tamén pode incluírse algunha actividade de «volta á calma» de carácter introspectivo.

2.2. Crear propostas de role play

Dentro do xogo dirixido, o *role play* consiste en interiorizar e actuar en base a un personaxe, rol ou papel. É importante dar as indicacións necesarias para que o alumnado poida construír o seu personaxe para adecualo á situación na que se lles vai indicar actuar. Tendo en conta a alta ratio das aulas de educación infantil en España (25 por aula), ademais de rotar os papeis ao longo das distintas sesións, é especialmente interesante poñer en práctica estratexias como a creación de xurados que valoren os roles interpretados en base ás regras da simulación. Deste xeito, todos poderán participar alternando o traballo individual e en pequeno grupo.

Algunhas ideas para a creación de propostas serían as seguintes:

- Debates: a través destes debates pódese xogar a que as persoas participantes teñan que defender unha postura coa que poden non identificarse, a través da construción do personaxe que van interpretar. Por exemplo, un debate arredor de se o mellor conto do mundo é o de Carrapuchiña Vermella. Os roles poden ser os distintos personaxes de diversos contos, incluídos os deste, que deben presentar argumentos e defenderse dos do grupo contrario. Tras as distintas rondas, o xurado popular deberá dicir que grupo o convenceu.
- Acusacións: a partir dun crime ou delito ficticio baseado nalgunha narrativa ou en personaxes coñecidos polo alumnado, parte deste deberá interpretar o papel dos acusados, intentando defenderse, co fin de que os demais, agrupados en xurados populares, decidan decláralos inocentes. Por exemplo, logo de descubrir que o lobo non foi quen tirou a casa do porquiño de palla, o obxectivo do xogo é descubrir quen puido ser de entre os acusados, que poderían ser un dragón, un dos irmáns porquiños ou Carrapuchiña, entre outros. O propio xuíz (interpretado pola persoa docente) pode ser quen presente as acusacións directamente, de xeito que os acusados deben defenderse a partir da interacción. Unha posíbel intervención deste rol podería ser a seguinte: «Señor Dragón, temos sospeitas de que puido ser vostede quen acabou coa casa de palla do porquiño, xa que non estaba moi conforme co seu papel nas tramas de conto que lle toca interpretar, pois sempre remata perdendo contra o cabaleiro ou home/muller da realeza oportuno, e decidiu probar con inimigos máis sinxelos. Que ten vostede que dicir ao respecto?».
- A iniciación ao rol: o rol é un xogo organizado no que cada participante desempeña o papel dun personaxe durante unha aventura épica con misión. Para iniciar o alumnado de educación infantil nesta modalidade é importante propoñer dinámicas sinxelas, mediante as cales cada estudante poida construír o seu propio personaxe a partir de indicacións que a persoa docente lles dará e sobre as que deben decidir aspectos como: tipo de personaxe (fada/fado, maga/o, cabaleiro/a, serea/tritón, lobo/loba etc.), personalidade, actividade favorita... O mundo creado pode ser un taboleiro específico ou a propia aula, na cal se poden crear distintas ambientacións (a praza do pobo, a taberna, o bosque...) e os distintos personaxes deben desenvolverse en base ao seu rol polo espazo. A narrativa da persoa docente pode ir guiando as súas actividades ou mesmo se lle poden dar misións que cumprir que entren en conflito entre elas, para ver como as resollen, por exemplo: a cabaleira debe conseguir que o lobo a acompañe até a zona máis alá do bosque e a fada debe impedir que calquera persoa entre ao bosque, sen poder utilizar nunca a violencia. Así, deberán pensar un plan para afastala de alí ou aproveitar cando ela teña que cumprir a súa propia misión. Ademais, estas historias poden ser adaptadas en función dos personaxes de libros, películas ou series que poidan resultar interesantes, ou incluso ser creados pola persoa docente. Ademais, sempre é interesante planificar a utilización posterior das narrativas e todo o que se vaia experimentando para traballar sobre elas ou facer novas propostas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada ao longo da programación caracterízase por ser flexíbel, variada e aberta á innovación. Non obstante, tamén pretende ser realista con respecto ao modelo metodolóxico instaurado na ensinanza universitaria.

Neste sentido, inicialmente as sesións divídense en expositivas e interactivas. No primeiro caso, trátase de sesións maxistras nas que se profunda nos contidos básicos recollidos na unidade. A exposición oral verase reforzada coa utilización de presentacións realizadas mediante *PowerPoint* e *Canva* nas que destaca o compoñente visual e se presentan os contidos esquematizados. Co obxectivo de dinamizar estes desenvolvementos de carácter máis teórico e promover a participación activa dos discentes, utilizaranse diversas estratexias. Algúns exemplos serían a proxección de vídeos e noticias ou a formulación de preguntas sobre algún dos aspectos traballados para iniciar debates. Tamén a lectura dramatizada de obras literarias que exemplifiquen os contidos desenvolvidos.

As sesións interactivas, de carácter máis práctico, dividen os discentes en agrupamentos de menor número que facilitan o desenvolvemento de actividades co alumnado como protagonista. Así, a persoa docente pasa a converterse nun guía que facilita os procesos de ensino-aprendizaxe. As estratexias utilizadas varían en función das actividades concretas, mais mantense constante o traballo cooperativo en pequeno grupo. Porén, tamén se planifican os tempos para que, en todas as sesións, haxa tempo para un tempo de posta en común onde se comparta o traballo dos diferentes agrupamentos.

Por outra parte, os tempos de traballo autónomo non presencial do alumnado serán fundamentais para a materia. Non só para a realización das actividades pausadas, senón tamén no visionamento e lectura de recursos de maneira previa ao desenvolvemento da sesión onde se van traballar en profundidade. Así, aplícanse principios metodolóxicos do modelo da aula invertida que favorecen a motivación pola aprendizaxe e o aproveitamento do tempo lectivo presencial.

Alén disto, outros dos principios metodolóxicos fundamentais da programación serán:

- Aprendizaxe significativa, mediante a simulación e creación de casos ou situacións reais de comunicación na aula. Por exemplo, o deseño de programacións didácticas con obras literarias a partir de obxectivos propios da educación literaria e outros vinculados coa actualidade social.
- Enfoque globalizador, poñendo en relación a educación lingüístico-literaria con outras áreas fundamentais como a educación artística ou a educación en valores.
- Enfoque lúdico, mediante a presentación de actividades baseadas na Aprendizaxe Baseada no Xogo e en dinámicas propias da práctica teatral.
- Clima de seguridade e confianza, que resulta fundamental para o desenvolvemento de debates e dinámicas de lectura dialóxica.
- Aprendizaxe creativa, con especial énfase nas tarefas propostas nas sesións interactivas que buscan a aplicación práctica dos contidos teóricos para o desenvolvemento dun produto que logo deberá ser compartido cos demais.

- A acción titorial integrada na acción docente. Neste sentido, enténdese o rol do docente no proceso de ensino-aprendizaxe como un acompañamento baseado na comunicación interpersoal fluída, respectuosa, accesíbel e empática.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade é fundamental para o fomento da inclusión en todos os niveis educativos e a súa extrapolación á realidade social alén das institucións. A Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia, recolle algunhas medidas ordinarias fundamentais coa finalidade de proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. En concreto, as medidas ordinarias son aquelas que non afectan aos elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

No desenvolvemento da presente unidade, aplicaranse as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa á diversidade do alumnado, mediante diferentes medidas como: a adaptación da programación de contidos en función dos horarios, a asignación de tempos para as titorías planificadas e non planificadas, o coidado nos procesos de agrupamento do alumnado e a distribución dos espazos, dentro do posíbel.
- Actualización das programacións para adecualas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- Prioridade ás metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos e á inclusión de iniciativas de titoría entre iguais.
- Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás necesidades ou circunstancias do alumnado.

En todo caso, para todas as decisións que se poidan tomar neste sentido contarase co apoio e soporte do Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC, especialmente naqueles casos nos que no grupo haxa estudantes con Necesidades Específicas de Apoio Educativo e/ou Necesidades Educativas Especiais.

RECURSOS

A continuación farase unha aproximación aos diversos recursos (materiais, espaciais e dixitais) que se empregarán no desenvolvemento da materia e, por extensión, desta unidade. Con todo, non se esquece a importancia dos recursos humanos, tal é o caso do persoal docente responsábel do cumprimento de todos os aspectos recollidos nesta UD.

Recursos materiais

- Textos de referencia: textos teóricos principais que sustentan o desenvolvemento da unidade, centrados nos temas correspondentes, e recollidos na bibliografía.
- Xogo de rol *Quen matou o lobo feroz* (elaboración propia): consta de dossier informativo e cartas de personaxe (toda a información relativa ao xogo está contida no Anexo I).
- Material de estudo: aquel desenvolto pola persoa docente ou o propio alumnado para o estudo da materia ou o desenvolvemento dalgunhas actividades, como apuntamentos, resumos, esquemas ou mapas conceptuais.

Recursos espaciais

- Aulas ordinarias: espazos asignados pola facultade nos cales se desenvolverá a totalidade das sesións.
- Aula Virtual da propia materia: espazo do Campus Virtual da USC onde son compartidos todos os textos de referencia e materiais de estudo elixidos e/ou elaborados polos axentes vinculados na aprendizaxe (docentes e discentes).

Recursos dixitais

- Presentacións dixitais: utilizadas nas sesións expositivas e nalgunhas das interactivas, realizadas mediante *PowerPoint* e *Canva*.
- Recursos audiovisuais, dispoñíbeis na rede mediante *Youtube* e incluídos na webgrafía.

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización aquí presentada contempla datas concretas, sinaladas no calendario académico para o curso 2021-22, tales como o Día Internacional da Muller (8 de marzo), o Día Mundial da Poesía (21 de marzo) ou o Día Mundial do Teatro (27 de marzo) para o seguimento dos contidos. Porén, resulta facilmente adaptábel a outros cursos académicos nos que haxa pequenas variacións nas datas e nas sesións da materia.

Esta terceira UD está composta por 4 sesións presenciais de 90 minutos cada unha, 2 expositivas e 2 interactivas, e comeza na oitava semana da materia.

Táboa 2. Temporalización da materia

Unidade I Unidade II Unidade III Unidade IV

| CALENDARIO | | EXPOSITIVA | INTERACTIVA |
|------------|---------------|--|---|
| SEMANA 1 | 31/XAN-06/FEB | Presentación da materia | SESIÓN 1: Importancia dos libros e da lectura. Actividade: Os dereitos do lector e os deberes do mediador |
| SEMANA 2 | 07/FEB-13/FEB | SESIÓN 2: Literatura Infantil e educación literaria | SESIÓN 3: Os problemas da mediación lectora. Actividade: debate sobre o «lectocrime» |
| SEMANA 3 | 14/FEB-20/FEB | SESIÓN 4: Recursos na mediación literaria | SESIÓN 5: Propostas para o traballo na aula. Actividade: xogos de mesa de temática literaria |
| SEMANA 4 | 21/FEB-27/FEB | SESIÓN 6: Educación en valores a través da Literatura Infantil: temas emerxentes | SESIÓN 7: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (I) |
| SEMANA 5 | 07/MAR-13/MAR | SESIÓN 8: Clásicos da literatura de tradición oral e as súas reescrituras | SESIÓN 9: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II) |
| SEMANA 6 | 14/MAR-20/MAR | SESIÓN 10: Narrativa infantil e ilustración: o álbum ilustrado | SESIÓN 11: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II) |
| SEMANA 7 | 21/MAR-27/MAR | SESIÓN 12: Poesía infantil: do cancionero infantil ao álbum lírico | SESIÓN 13: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II) |
| SEMANA 8 | 28/MAR-03/ABR | SESIÓN 14: Teatro infantil e literatura dramática | SESIÓN 15: Actividade: creación teatral colectiva |
| SEMANA 9 | 04/ABR-10/ABR | SESIÓN 16: Programación de sesións de expresión dramática | SESIÓN 17: Actividade: xogos de rol de temática literaria |
| SEMANA 10 | 18/ABR-24/ABR | SESIÓN 18: O libro-obxecto na aula de infantil | SESIÓN 19: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II) |
| SEMANA 11 | 25/ABR-01/MAI | SESIÓN 20: O libro informativo na aula de infantil | SESIÓN 21: Actividade: <i>Petiscando libros</i> , un club de lectura docente (II) |
| SEMANA 12 | 02/MAI-08/MAI | EXPOSICIÓNS ORAIS | EXPOSICIÓNS ORAIS |
| SEMANA 13 | 09/MAI-15/MAI | Despedida: resolución de dúbidas e avaliación, por parte do alumnado, do desenvolvemento da materia e da actuación docente | Actividade: Concurso final da materia |

Fonte: elaboración propia

ACTIVIDADES

Nas sesións correspondentes ás clases expositivas desenvólvense teoricamente os contidos dos temas 8, «Teatro infantil e literatura dramática», e 9, «Programación de sesións de expresión dramática». Esta parte teórica será completada nas sesións interactivas con dúas propostas prácticas de aplicación dalgunha das formas dramáticas da pedagogía teatral. A organización das sesións está recollida no seguinte cadro:

Táboa 3. Secuencia didáctica da unidade III

| | | |
|--------|-----------|---|
| TEMA 8 | SESIÓN 14 | A través da sección de anuncios do campus virtual encomendaráselle ao alumnado a tarefa previa de ver dous vídeos en Youtube de canal <i>Tengo algo que EnsayARTE</i> , titulados «CÓMO dar clases de TEATRO a NIÑOS (según Viola Spolin) #1: fundamentos Pedagogía» e «CÓMO dar clases de TEATRO a NIÑOS (según Viola Spolin) #2: práctica Pedagogía». Unha vez na aula, iniciarase un debate co alumnado, acompañado dunha chuva de ideas, no cal se repararán os aspectos de maior relevancia presentados nos vídeos. A continuación, procederase á exposición maxistral de contidos teóricos do tema 8: «Teatro infantil e literatura dramática», acompañada da formulación de preguntas para a participación activa do alumnado. |
| | | RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS |
| | | <ul style="list-style-type: none"> — Presentación dixital do tema 8. — Apuntamentos do tema 8. — Textos de referencia. — Vídeos de <i>Tengo algo que EnsayARTE</i>: «CÓMO dar clases de TEATRO a NIÑOS (según Viola Spolin) #1: fundamentos Pedagogía» (2018) e «CÓMO dar clases de TEATRO a NIÑOS (según Viola Spolin) #2: práctica Pedagogía» (2018). |
| TEMA 8 | SESIÓN 15 | <ul style="list-style-type: none"> — Actividade inicial: comezarse presentando as cartas das edicións dos <i>Build-a Story Cards</i> escollidas para a sesión. A continuación, explicaráselle ao alumnado que, por grupos de traballo, deberán escoller ao azar tres cartas (unha de personaxe, unha de espazo e unha de obxecto), a partir das cales deberán crear unha breve composición teatral e poñela por escrito de dúas formas distintas: mediante un texto dramático literario e un texto espectacular, pensado para ser interpretado por alumnado de infantil. — Actividade de desenvolvemento: será o tempo asignado para a creación dos dous textos. — Actividade final: para rematar, cada grupo compartirá cos demais as súas composicións. Ademais, guiados polas preguntas do persoal docente, deberán reflexionar sobre a propia montaxe e as dificultades que pode chegar a presentar. |
| | | RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS |
| | | <ul style="list-style-type: none"> — Xogos de cartas <i>Build-a-Story Cards</i>: edición «Magical Castle», «Community Helpers», «Ocean Adventure» e «Space Quest». |
| TEMA 9 | SESIÓN 16 | Exposición maxistral de contidos teóricos do tema 9: «Programación de sesións de expresión dramática». Como acontece nas demais sesións expositivas da unidade, irá acompañada da formulación de preguntas para a participación activa do alumnado e a presentación e comentario arredor de diversas propostas e xogos para o taller de teatro extraídas dos libros <i>Manual de apoio al facilitador Taller de Teatro. Protagonistas en el juego</i> (2016) e <i>Juegos para un taller de teatro</i> (2021). |
| | | RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS |
| | | <ul style="list-style-type: none"> — Presentación dixital do tema 9. — Apuntamentos do tema 9. — Textos de referencia. |

| | | |
|-----------------------|-----------|---|
| TEMA 9 (continuación) | SESIÓN 17 | <ul style="list-style-type: none"> — Actividade inicial: comezarse presentando o funcionamento do xogo <i>Quen matou o lobo feroz?</i> e organizando os roles de todo o alumnado. — Actividade de desenvolvemento: poñerase en práctica o xogo, guiado polo persoal docente como voz narradora e guía da dinámica. — Actividade final: reflexionárase sobre a experiencia e sobre posibles adaptacións para realizar xogos similares na etapa de infantil. <p>Tamén se habilitará na aula virtual un foro onde o alumnado poderá facer recomendacións e propostas de mellora da actividade desenvolvida.</p> |
| | | RECURSOS MATERIAIS E DIXITAIS |
| | | <ul style="list-style-type: none"> — Xogo de rol <i>Quen matou o lobo feroz?</i>. |

Fonte: elaboración propia

AVALIACIÓN

A avaliación desta UD está inserida na da propia materia. Tomando como referencia a ponderación fixada no apartado de sistema de avaliación das correspondentes guías docentes da materia, a cualificación final desta será obtida a partir dunha proba escrita final (cun peso do 50 %) e dos seguintes traballos:

- Entradas no blog *Petiscando libros* (20 %): a partir dos libros traballados no club de lectura, os grupos de traballo creados nas interactivas deberán subir 5 entradas obrigatorias ao blog creado *ad hoc* para a materia (<https://petiscandolibros.wordpress.com/>). As entradas seguen a seguinte estrutura: datos bibliográficos, cuberta e imaxes interiores de mostra, tipoloxía de libro, recomendación de idade, recensión, curiosidade, 2 propostas de actividade e contidos curriculares de infantil relacionados. Logo da creación do borrador, o persoal docente será avisado para a súa corrección antes de programar a entrada para que sexa publicada na hora e data escollida.
- Traballo escrito grupal (10 %) e exposición (5 %): consiste na elaboración dunha unidade didáctica para algún dos cursos da educación infantil cuxo principal recurso sexan obras literarias infantís e/ou libros para a infancia na liña dos presentados e traballados na aula. Os apartados que debe incluír son: título; presentación e xustificación (nivel e temporalización); metodoloxía; obxectivos (curriculares e específicos); contidos (curriculares e específicos); atención á diversidade; recursos (materiais, persoais e espaciais); selección de obras utilizadas; elaboración da proposta (fases e/ou sesións coas súas respectivas actividades); avaliación e conclusión.
- Traballo escrito individual (10 %): dentro da avaliación da materia, o alumnado ten pautada a realización dun *portfolio* individual. O obxectivo é dar resposta a cinco preguntas vinculadas con cinco contidos da materia desenvolvidos durante as sesións correspondentes aos temas 1, 2, 3, 4-5 e 8-9.

Tamén se terá en conta a asistencia e participación (5 %). O principal instrumento utilizado será a folla de control da asistencia. Como se indica nas guías docentes da

materia, se o alumnado falta a máis dun 20 % das sesións da materia, sen a xustificación oportuna, perderá o dereito ao sistema de avaliación continua.

Ademais, para a valoración e seguimento da participación, o profesorado elaborará un diario de clase e unha folla de rexistro descritivo sobre a dinámica de aula, especialmente das sesións interactivas, intentando adaptar e/ou reforzar aqueles aspectos nos que se detecte un baixo rendemento. Prestarase especial atención nos referidos ao clima creado na aula e á interacción entre as persoas implicadas (profesorado e alumnado).

A UD aquí desenvolva terá un peso variábel nas distintas tarefas pautadas. Porén, no caso do traballo grupal, do exame e da valoración da asistencia e participación, nos que todos os contidos da materia serán fundamentais para o seu desenvolvemento, o peso desta UD é dun 20% do total. Esta porcentaxe foi obtida tendo en conta que ocupa 4 sesións das 21 totais da programación.

Dentro do *portfolio*, a indicación ofrecida ao alumnado que se vincula directamente coa UD desenvolva foi:

- Temas 8 «Teatro infantil e literatura dramática» e 9 «Programación de sesións de expresión dramática»: os xogos dramáticos tenden a asentarse sobre a interpretación de roles distintos aos que desenvolvemos habitualmente; é dicir, xogar a ver a vida dende os zapatos doutro. Desta volta debes poñerte no lugar do teu (futuro) alumnado e escribir 10 cousas que che gustaría que che agradeceran, en base a como tes pensado actuar como docente. Por exemplo: grazas por poñer por diante sempre o noso benestar, convertendo a aula nun lugar seguro no que aprender.

En relación aos traballos escritos, no caso de que a persoa docente detectase producións copiadas/plaxiadas ou sen a debida citación de fontes incorrerase na suspensión automática da entrega.

O proceso de avaliación da materia e, de maneira implícita, tamén desta UD, contempla tamén a avaliación da propia materia e da acción do persoal docente. Neste sentido, utilizarase un cuestionario de *Google Forms*, con distintos tipos de preguntas, cuxo enlace será facilitado á totalidade do alumnado. Trátase dun instrumento facilitado polo profesorado á marxe da avaliación institucional. De maneira anónima, aqueles discentes que queiran poderán realizalo, ofrecendo datos moi importantes para a mellora da organización da materia en vindeiros anos.

BIBLIOGRAFÍA/WEBGRAFÍA

CONSEJO NACIONAL DE LA CULTURA Y LAS ARTES (2016): *Manual de apoyo al facilitador. Taller de teatro*, Chile: Organización de Estados Iberoamericanos. <https://www.cultura.gob.cl/publicaciones/manual-apoyo-facilitador-teatro/>

GONZÁLEZ-VILLAVICENCIO, J. L., D. M. VELE-CAYMAYO, D. Y. TAPIA-BRITO e P. B. SALGADO-OVIEDO (2022): El juego simbólico como estrategia para el desarrollo psicomotriz de los niños, *Polo del Conocimiento*, 7(2), 1815-1825. <https://polodelconocimiento.com/ojs/index.php/es/article/view/3682>

- G-PEDREIRA, R. (2017): Teatro, Infancia e Escola: reflexións sobre o xénero dramático na Literatura infantil, *Elos: Revista De Literatura Infantil E Xuvenil*, 4, 93-107. DOI <https://doi.org/10.15304/elos.4.4081>
- MANTOVANI, A. e R. I. MORALES (2021): *Juegos para un taller de teatro*, Barcelona: Octaedro.
- MUÑOZ, B. (2006): *Panorama de los libros teatrales para niños y jóvenes*, Madrid: Colección de Ensayo ASSITEJ España.
- SOTOMAYOR, V. (2007): Literatura dramática infantil y juvenil: Texto y representación. En B.-A. ROIG RECHOU, P. L. DOMÍNGUEZ e I. SOTO LÓPEZ (Coords.): *Teatro infantil: do texto á representación*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 11-36.
- Tengo algo que EnsayARTE* (26 de outubro de 2018): *CÓMO dar clases de TEATRO a NIÑOS (según Viola Spolin) #1: fundamentos | Pedagogía* [Arquivo de vídeo], Youtube. https://www.youtube.com/watch?v=B1Ko1k_uhK8
- (4 de novembro de 2018): *CÓMO dar clases de TEATRO a NIÑOS (según Viola Spolin) #2: práctica | Pedagogía* [Arquivo de vídeo], Youtube. <https://www.youtube.com/watch?v=QHUBLzfMOSl>

ANEXO

Quen matou o lobo feroz?

Quen gaña? Hai un gañador individual e outro grupal:

— Individual:

- Os inocentes que non sexan acusados gañan 1 punto cada un.
- Se o culpábel non é descuberto e o cómplice non é acusado, gañan ambos 1 punto.
- Se o culpábel non é descuberto, pero o cómplice é acusado, gaña só o culpábel 1 punto.
- Se o culpábel é descuberto, pero o cómplice non é acusado, gaña só o cómplice 1 punto.

— Grupal:

- o Os xurados populares que descubran o culpábel gañan 2 puntos.
- o Os xurados populares que descubran o cómplice gañan 1 punto.

O rol da xuíza: Debe dinamizar a actividade creando novas sospeitas e axudando a poñer en orde as informacións que vaian xurdindo, pero sen dar pistas que poidan axudar na resolución do caso.

Crime: O lobo feroz apareceu morto a madrugada do pasado sábado por mor do disparo dunha escopeta que non foi atopada. A xente está consternada porque o animal deixara a vida de antagonista e malvado anos atrás. Agora estaba comprometido co benestar dos animais e habitantes do bosque e até se fixera vexetariano, o cal non deixara a ninguén indiferente. Logo de diversas investigacións, hoxe os xurados populares deben descubrir o culpábel de entre os sospeitosos aquí presentes.

Acusados: Carrapuchiña Vermella, cazador retirado, avoiña, porquiño mediano, cabrito maior, garda forestal.

Rondas:

- Ronda 1: Os acusados deféndense e presentan coartadas.
- Ronda 2: Os xurados populares fan unha primeira acusación provisional.
- Ronda 3: Os acusados explican a súa relación co lobo.
- Ronda 4: A xuíza fai preguntas.
- Ronda 5: Os xurados populares poden facer unha pregunta e tamén un dos acusados.
- Ronda 6: Os xurados populares fan unha segunda acusación provisional.
- Ronda 7: Os acusados toman a palabra para defenderse e mostrar tamén as súas sospeitas.
- Ronda 8: Os xurados populares teñen a última oportunidade de facer unha pregunta a un dos acusados.
- Ronda 9: Os acusados teñen a última oportunidade de tomar a palabra para defenderse de todo o dito.
- Ronda 10: Os xurados populares fan a súa acusación en firme.

Preguntas da xuíza: pode ser necesaria a súa reformulación a partir do que se vaia dicindo durante o xuízo.

- A Carrapuchiña Vermella: Carrapuchiña, é certo que a túa relación co lobo se arrefriara ultimamente, e que ti e Pedro faciades plans sen avisar ao lobo, e que isto fora motivo dalgunha confrontación entre vós?
- Ao cazador retirado: É certo que segues conservando todas as armas da túa época de cazador en activo, agás a escopeta, a cal podería incluso chegar a ser a arma utilizada no crime?
- Á avoíña: Está vostede segura de que o rancor cara ao lobo por intentar comela, e logo querer comer tamén a súa adorada neta, está totalmente superada, até o punto de ser agora «grandes amigos»?
- Ao porquiño da casa de madeira: Está vostede seguro de que o lobo, e cito textualmente, «lle dá igual», pese a que tirou a casa do seu querido irmán pequeno e tamén intentou tirar a súa, para finalmente comelos a sangue fría?
- Ao cabrito maior: É certo que nunha ocasión deixou os seus irmáns sós na casa durante varias horas, para ir atoparse cunha ovella amiga, mentres a vosa nai estaba traballando?
- Á garda forestal: Segundo consta no informe policial, pode vostede explicarme como é posíbel que vira o Lobo atoparse con Carrapuchiña no bosque, pero non o culpábel do asasinato, cando os lugares dos feitos están moi moi próximos?

Información das tarxetas dos acusados:

- Carrapuchiña Vermella:
 - Inocente.
 - Reacción ante a morte do lobo: triste.
 - Coartada: Esa noite ceei na casa da avoa. Marchei sobre as 11:00 porque a avoíña estaba moi cansada e xa se quedara durmida varias veces

no sofá. De camiño á casa cruceime co lobo, que estaba raro. Díxenlle se quería que faláramos, pero díxome que mellor ao día seguinte. Como quedei preocupada, decidín ir visitar a Pedro e conteillo todo. Intentamos chamar o lobo, pero foi imposible... Como non ma atopaba ben, rematei durmindo na casa de Pedro.

- Interese por cometer o crime: Ningún... Pedro, lobo máis eu eramos grandes amigos. É certo que teño máis relación con Pedro, pero quería moito a Feroz...

— Cazador retirado:

- Culpábel.
- Explicación: Descubrín que o lobo tiña pensado volver ás andadas, porque estaba farto de que xa non o tiveran en conta nin lle mostraran respecto, polo que esa mesma noite ía comer moitos animalíños inocentes. Non tiven máis opción.
- Que podo facer? Non quero ser descuberto, non merezo pagar por un crime así. Polo tanto, mentres leo esta tarxeta debo comezar xa a actuar. Pensa ben como o vas facer. Necesitas unha coartada, xa que os demais tamén a teñen, e tamén che poden preguntar por como te sentes ante a morte do lobo e o posíbel interese que poderías ter en matalo.

Prepara todo o teu enxeño, e recorda: Só hai unha maneira de gañar, non debes ser descuberto!

— Avoíña:

- Inocente
- Reacción ante a morte do lobo: moi triste.
- Coartada: Eu xa teño unha idade, e a esas horas estou durmindo. Como vivo soa, ninguén pode confirmalo. Pero a noite do sábado veu Carrapuchiña cear comigo, e cando ela marchou para a casa, sobre as 11:00, eu xa me quedara durmida como tres veces no sofá.
- Interese por cometer o crime: Ningún. Todo o contrario. O lobo máis eu eramos moi amigos. Ambos sentímonos xulgados por unha sociedade que despreza as avoas do conto, por aburridas, e os lobos, por malvados. E todo por querer vivir tranquila, e o pobre lobo por querer comer algún porquiño ou unha cabrita... Que lobo non o faría?
- Outro: sospeito do garda forestal, porque é a persoa que máis fácil o tiña.

— Porquiño da casa de madeira:

- Inocente
- Reacción ante a morte do lobo: indiferenza.
- Coartada: O domingo era o aniversario do meu irmán maior, o porquiño da casa de ladrillo, polo que tanto eu como o meu irmán pequeno pasamos xa a noite do sábado con el.

- Interese por cometer o crime: Sempre me dou igual o lobo, xa que o conto que todos coñecedes é mentira. Si, tirou a casa de palla, pero nunca chegou a derribar a miña. De verdade credes que unha casa de madeira de carballo se vén abaixo tan facilmente?
 - Outros: sobre as 11:00, vimos a Carrapuchiña saír da casa da avoa.
- Cabrito maior:
- Inocente
 - Reacción ante a morte do lobo: feliz.
 - Coartada: Estaba coidando dos meus seis irmáns pequenos, xa que a nosa nai tiña xornada de noite no traballo. Nunca deixaría a meus irmáns sós, e non cometín o crime, pero se tivera a posibilidade de librarme do lobo, non dubidaría nin un só segundo.
 - Interese por cometer o crime: Todo o interese do mundo. Nunca crin esta nova versión do lobo. Vin a súa mirada en multitude de ocasións, imaxinándose devorando a tantos animalíños inocentes que viven no bosque... Quen cometera o crime, ten todo o meu apoio.
 - Outros: envielle cartas anónimas ao lobo ameazándoo, dicíndolle que se non abandonaba o bosque, acabaría moi mal.
- Garda Forestal:
- Cómplice: Ollo! Puides ver o culpábel, o cazador, cometendo o crime.
 - Reacción ante a morte do lobo: un cúmulo de emocións.
 - Coartada: A noite do sábado estaba de garda no bosque, só, facendo o meu traballo. Aí foi cando vin o cazador cometendo o crime. Intentei paralo, pero foi imposíbel. Cando falei con el, explicoume que o lobo tiña pensado volver ás andadas, porque estaba farto de que xa non o tiveran en conta nin lle mostraran respecto, e que esa mesma noite ía comer moitos animalíños inocentes. Era a única maneira de paralo!
 - Interese por cometer o crime: Ningún. De feito, como gardabosques, apoio todos os animais do bosque, herbívoros e carnívoros. Nunca mataría o lobo, pero entendo que o cazador non tiña máis opción.
 - Outro: antes do crime, vin o Lobo atoparse con Carrapuchiña, e doume a impresión de que non fora un encontro agradábel.



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA